

Os rectores das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, reunidos o día 25 de novembro de 1997

EXPOÑEN

Que advertidas prácticas diferentes das tres Universidades na resolución das situacións nas que os alumnos non poden remata-los seus estudos na súa universidade de orixe, por teren esgotadas nunha materia tódalas convocatorias ou como consecuencia dos procesos de extinción dos planos de estudio, debendo recorrer a solicita-la admisión en Universidades distintas do Sistema Universitario Galego.

Que sendo o desexo das tres Universidades establecer procedementos comúns e homoxéneos para os alumnos das tres Universidades

ACORDAN

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

Os alumnos das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, que esgoten nunha materia tódalas convocatorias, consonte ás normas de cada Universidade ou que estando a realizar estudos de planos non renovados non poidan concluílos consonte ditos planos por non ter superadas materias extintas, e ter rematados os períodos transitorios por render exame, poderán solicitar ser admitidos para render exame noutra Universidade do Sistema Universitario Galego que imparta materia na que non pode examinarse na Universidade de orixe.

SEGUNDO. PROCEDEMENTO

1. A Universidade de orixe, a través do secretario do centro ou do xefe da unidade administrativa equivalente, onde o alumno estea a realiza-los seus estudos, enviará ó secretario do centro ou ó xefe da unidade administrativa da Universidade receptora escrito certificando a situación da cláusula primeira e no que solicita a admisión do alumno na materia ou materias non superadas.


2. Unha vez recibido o escrito, o secretario do centro ou o xefe da unidade administrativa da Universidade receptora procederá a comunicarlle á Universidade de orixe a admisión automática na materia ou materias solicitadas.
3. Unha vez realizada a admisión por parte da Universidade receptora, o alumno procederá a realizar matrícula na Universidade de orixe no plan que estea cursando o alumno.
4. Unha vez rendido o exame, a Universidade receptora poñerá en coñecemento da de orixe a cualificación obtida na materia ou materias nas que concorrera, mediante unha certificación expedida pola secretaria do centro ou Secretario Xeral de se-lo caso.
5. A Universidade de orixe procederá ó recoñecemento de plano da cualificación alcanzada polos alumnos.
6. A estimación das peticións dos alumnos para render exame terá exclusiva validez por un curso académico, debéndose renovar ano a ano.

TERCEIRO. VIXENCIA


O presente convenio terá vixencia mentres non sexa denunciado por algunha das partes asinantes.

E en conformidade co acordo asinan o presente convenio.

POLA UNIVERSIDADE
DA CORUÑA


José Luis Meilán Gil

POLA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO


Darío Villanueva Prieto

POLA UNIVERSIDADE
VIGO

José A. Rodríguez Vázquez